



O Concello de Salceda de Caselas adheriuse este ano á campaña “En negro contra a violencia”, unha iniciativa xurdida en 2015 no Concello de Santiago e á que se sumaron o ano pasado 17 concellos de toda Galicia. Este ano a campaña chega a 75 Concellos e 3 Deputacións, e o Concello de Salceda de Caselas non quixo ser menos e aceptou o convite feito dende o Concello de Santiago de Compostela. A responsable da área de Igualdade en Salceda de Caselas, Tere Pérez, convidou aos comercios da vila a ser partícipes desta campaña de concienciación contra a violencia machista. Así, no caso de Salceda de Caselas teñen confirmada a súa participación 42 establecementos comerciais da vila, ademais de diversos colectivos que estes días se están sumando á campaña. A acción consiste en tinguir de negro a vila na semana do 20 ao 26 de novembro, a través dos escaparates, os manenquíns, a roupa de traballo... é decir, trátase de amosar o loito en sinal de dor por tódalas mulleres que sofren violencia machista e como resposta á máis dura das súas consecuencias: a morte.

A semana pasada, a Concelleira de Igualdade, Tere Pérez, xunto coa Coordinadora Xeral de Movemento Salceda, Lucía Pereira, desprazábanse a Bruxelas para participar na presentación da iniciativa no Parlamento Europeo, dando así o pistoletazo de saída a unha iniciativa que ano a ano vai incrementando o seu radio de acción e tinguido Galiza de negro. A delegación galega, convidada pola eurodeputada Lidia Senra, foi recibida pola Presidenta e o Vicepresidente da Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero (FEMM) do Parlamento Europeo, a lituana Vilija Blinkeviciute e o portugués Joao Pimenta Lopes, respectivamente, así como por outros eurodeputados e eurodeputadas de FEMM de diferentes países.

O Concello de Salceda está a dar importantes pasos na loita contra a violencia de xénero. Así, durante este curso téñense realizado acción formativas nos centros escolares de primaria e secundaria, para concienciar aos nenos e nenas na importancia da igualdade e do rexeitamento á violencia de xénero. O Concello ofrece ademais un servizo de asesoramento xurídico ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que en numerosas ocasións se ven perdidas e sen saber a onde recorrer para saír dunha situación límite.

#### **Establecementos adheridos:**

##### **R/ Joaquín Fernández Sestelo**

EG Viajes

Heladería cream

Mundo de fantasía

Peluquería Estilo

Peluquería Esencial  
Floristería Nelke  
Pekerrechos  
Hiperxel

**R/ Victoriano Pérez Vidal**

Conchi Pérez  
Égaro fisioterapia  
Peluquería Sonia Groba  
Alma  
Citania  
Autoescuela Caselas

**R/ Rosalía de Castro**

Cafetería Altamira  
Clínica veterinaria Aranea  
Panadería Altamira

**R/ Compostela**

Eli florista  
Yo Decoro  
Tintorería Galicia  
Fábrica dos perfumes  
Más que arreglos  
Dental Salceda

**R/ Arxentina**

Cerkanías  
Electricidade Paramos

**Av. Galicia**

Costuras CB  
Patuska creaciones  
Peluquería Crisbor  
Loal  
Bar Caselas  
Peluquería D,Anabel  
Zapatería la bici

**R/ Dr. Zunzunegui**

Dr. Phone

**R/ Pontevedra**

King,s school  
Peluquería A&R

**Praza do Concello**

Xestoría Hnos. Núñez  
Mercería Ana

**R/ Rafael Tilve Adrio**

Sanfer  
Lavandería Lavandeira  
Dentalbeth

**R/ Vigo**

Correos